

Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175 // Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82 // C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

DECRETO DA ALCALDÍA

ASUNTO: CONVOCATORIA DE SESIÓN DO PLENO 7/2020 , EXTRAORDINARIA, 10 DE NOVEMBRO DE 2020

EXPEDIENTE: 2020/G003/000502

Asunto: Convocatoria

ÓRGANO COLEXIADO: Pleno

Nº SESIÓN: 7/2020

CARÁCTER : Extraordinaria (martes 10 de novembro de 2020 ás 12:00 horas)


En uso da atribución que me conferen os artigos 21.1.c) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e 82.1 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, tendo en conta a necesidade de adoptar os acordos que se propoñen dentro dos prazos establecidos en cadanseu expediente, **convoco sesión extraordinaria do Pleno para o martes 10 de novembro de 2020, ás 12:00 horas** (ou dous días hábiles despois á mesma hora en segunda convocatoria, en caso de non existir o quórum esixido na primeira) no Salón de Sesións da Casa do Concello coa seguinte

ORDE DO DÍA

- 1.- Proposta da Alcaldía ao Pleno para a aprobación, no que corresponde ao Concello de Carral, do convenio de colaboración para o desenvolvemento conxunto do transporte metropolitano de Galicia na Área de Transporte Metropolitano da Coruña.
- 2.- Proposta da Alcaldía ao Pleno para a solicitude de adhesión ao convenio subscrito entre a Xunta de Galicia (Consellaría de Cultura e Turismo e Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia -AMTEGA) e a Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP) para a implantación do sistema de xestión documental ARQA nos arquivos públicos municipais.
- 3.- Proposta da Alcaldía ao Pleno de iniciación, no que corresponde ao Concello de Carral, de expediente para a constitución dunha agrupación cos Concellos de Abegondo e Bergondo para o sostemento en común do posto de Tesouraría, que ocupará un/ha funcionario/a de Administración Local con habilitación de carácter nacional (previo desistimento do expediente iniciado para a mesma finalidade cos Concellos de Abegondo, Bergondo e Miño)
- 4.- Proposta da Alcaldía ao Pleno para a designación das persoas compoñentes da comisión para a demarcación, deslinde e amolloamento do termo municipal de Carral.

Notifíquese a presente resolución por correo electrónico a todos/as os sres/as concelleiros/as da Corporación, á señora Interventora e á señora Técnica de Administración Xeral do Concello, advertíndolles que, conforme ao disposto no artigo 12.1 do citado RD 2568/86 do 28 de novembro, deberán comunicar coa antelación necesaria calquera causa xustificada que implique a imposibilidade de asistir á citada sesión.

Póñase a disposición dos/as sres/as. concelleiros/as convocados a documentación dos asuntos incluídos na orde do día na Secretaría do Concello (titular ou accidental) a partires da notificación da convocatoria.



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175 // Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82 // C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

En calquera caso, **a sesión presencial deberá realizarse con estrito cumprimento das medidas sanitarias establecidas polo Ministerio de Sanidade do Goberno da Nación e pola Consellaría de Sanidade da Xunta de Galicia, para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, vixentes no día en que se realice a sesión.**

Carral, na data de sinatura dixital que figura á marxe

O ALCALDE

Francisco Javier Gestal Pose

Visto o decreto,

A SECRETARIA

ACCIDENTAL

Sonia Campos Ares

FIRMADO POR Francisco Javier Gestal Pose (FECHA: 05/11/2020 11:25:00)

Decreto Nº: 493/2020 - Fecha de decreto: 05/11/2020

versión imprimible

CVD: r7zxIKFD7JlBUCh46dCO

Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.